

RENACEMENTO - CINQUECENTO

OBRA: **MOISÉS**

ESTILO: Renacemento (Cinquecento) Clasicismo

AUTOR: **MIGUEL ANXO** (1475-1564)


LOCALIZACIÓN: San Pedro do Vaticano

CRONOLOXÍA: 1513-1516

MATERIAIS: Mármore

TIPOLOXÍA: Escultura de vulto redondo

COMITENTE: Xulio II



ANÁLISE E COMENTARIO

En 1505 Xulio II chamou de novo a Roma a Miguel Anxo para que realizase o sepulcro papal que pensaba colocar no centro da nova basílica de San Pedro, baixo a grandiosa cúpula concibida por Bramante. Este proxecto non chegou a realizarse e perseguiu durante décadas. Miguel Anxo proxectou un túmulo exento con máis de 40 esculturas de tamaño natural sen contar os elementos arquitectónicos e os relevos. Tratábase dun monumento que superaba en dimensións e riqueza ornamental a cantas tumbas se realizaran na Italia do Quattrocento. O proxecto constaba de tres pisos distribuídos en estrutura piramidal. A partir de 1513, xa morto Xulio II, elabora un segundo proxecto, no que a composición xa non é exenta senón encostada a un muro, de tamaño máis reducido e con algunhas variacións iconográficas. Interrompido novamente o proxecto, en 1542 o sepulcro sería definitivamente alzado, non no Vaticano, senón na igrexa de San Pietro in Vincoli, moi diferente dos proxectos anteriores.

O Moisés é unha das figuras que sobreviviron ao ambicioso proxecto da tumba do Papa Xulio II. Foi concibido inicialmente para o segundo nivel, a unha altura duns 4 metros, e sitúase definitivamente no nicho central da zona baixa, entre as figuras de Raquel e Lea. Realizada en mármore branco de Carrara, trátase dunha escultura exenta ou de vulto redondo, de corpo enteiro e sedente, aínda que dada a configuración do sepulcro (tipo fachada adherido ao muro), a obra só pode ser contemplada frontalmente.

O modelado é perfecto. Miguel Anxo tratou o mármore, o seu material predilecto, coma se fose a máis dócil das materias. O estudo anatómico é dun naturalismo asombroso (os brazos exhiben a fortaleza e tensión dun atleta, a pesar da súa idade). O mármore branco pulido deixa escorregar a luz. As roupas caen

en pregas de gran naturalismo, onde os contrastes de luces e sombras que provocan as fondas oquedades no mármore, outorgan á figura o seu rotundo volume.

CONTIDO E COMPOSICIÓN

Moisés aparece sentado, coas Táboas da Lei baixo un brazo, e coa outra man toca a súa longa barba. Algunhas teorías consideran que Miguel Anxo quixo representar o momento inmediatamente posterior a que Moisés recibira os Mandamentos no monte Sinaí, mentres que o pobo xudeu adoraba a outros deuses. Ten unha expresión de enfado, de ira, parece a piques de levantarse e arrasar con todo. Ten as veas hinchadas e os músculos en tensión. Trátase da figura sedente dun coloso que treme posuído por unha enerxía que emana do seu interior; ergue a cabeza bruscamente e mira á esquerda, pero o corpo recúa instintivamente en sentido contrario coa man dereita atrapada na barba. É unha representación do movemento en potencia, e vemos pola disposición do corpo que está disposto a levantarse, xa que está posuído pola furia, a rabia e a cólera que lle produce a visión do seu pobo adorando o Becerro de Ouro. Outros afirman que responde ao momento no que Deus profetiza que non pisará a Terra Prometida e, neste caso, o fracaso da súa meta en vida sería equiparable ao do Papa Xulio II que, a pesar de acometer grandes empresas, non logrou unificar os Estados Pontificios.

Existen tamén interpretacións iconográficas complexas sobre o seu significado: nunha lectura literal ilustraría un episodio da Lei mosaica e o protagonismo do Antigo Testamento na propagación da verdadeira fe e a salvación humana que culmina no triunfo da Igrexa. Tamén esconde referencias neoplatónicas e Moisés encarna a Vida Activa de forza abraiante, a vitoria da mente sobre o corpo, o espírito ceibe.

A composición é pechada, clásica. Estrutúrase nun eixo vertical desde a cabeza ata a prega formada entre as pernas, cuxa figura queda enmarcada por dúas liñas rectas verticais nos extremos. Existe un lixeiro contraposto, a pesar da composición sedente, marcado polo xiro da cabeza e a simétrica composición entre brazo esquerdo cara arriba e dereito cara abaixo, así como perna esquerda cara a fóra e dereita cara a dentro. As liñas rectas quedan dulcificadas e compensadas por dúas liñas curvas paralelas: a que forma a longa e rizada barba ata o brazo esquerdo, e a iniciada no brazo dereito estirado ata a perna esquerda.

O artista suxire o movemento en potencia. Os músculos están en tensión, pero non hai movemento en acto. Consegue que este coloso non resulte pesado, senón grandioso. A tensión xuvenil doutras obras do artista como o David, trócanse aquí en indignación: a fereza da mirada, as poderosas mans maltratando a súa barba, os músculos en tensión, son o perfecto resumo da *terribilità*. A cólera estoupará en breve.

Atopamos un contraste compositivo entre esquerda e dereita: esquerda aberta, exposta ás forzas do mal (mira airado, acendido de cólera) contra a dereita de liñas severas, pechadas e sólidas na que se apoia. O drama intensifícase na cabeza, cunha flamíxera cabeleira, mirada alporizada, tremos dos beizos e expresión feroz a piques de arremeter contra a depravación humana.

A forza da súa expresión abandona xa a idea de equilibrio propia do Renacemento, posto que toda a escultura é un exercicio de forza e grandiosidade. O seu corpo é titánico, unha masa escultórica compacta, sólida, cunha anatomía robusta, con fortísimos brazos espidos, nos que se marcan músculos, veas e tendóns, o mesmo que nas súas pernas. Prodúcese unha total dislocación da postura clásica, coa cabeza totalmente virada, co contrabalanceo das pernas e o brazo cruzado por diante. A expresión é tremebunda, as barbas encrespadas, a mirada furiosa, cos ollos tradeando como raios (co iris excavado, para que ao penetrar a luz xere claroscuro e intensifique a mirada), os beizos entreabertos, os dedos crispados sobre as barbas rizadas e retorcidas. Esta expresión a través da grandiosidade formal e a tremenda forza expresiva, ao pór todos os recursos ao servizo da forza interior do personaxe, a *terribilità* miguelanxelesca, que aparecía anunciada no David e agora no Moisés móstrase en todo o seu vigor.

Miguel Anxo abandona os rostros sereos da súa primeira época e opta por unha expresividade acentuada e dramática, anuncio do Barroco. Posiblemente sexa produto non só da súa propia evolución persoal, senón tamén da influencia que sobre el exerceu o descubrimento do grupo helenístico do *Laocoonte* (1506). É a culminación do idealismo dramático que caracteriza esta etapa da súa produción escultórica que tamén observamos na súa pintura.